

<b>Autoinforme 2: Aplicación de una estructura del Ámbito B</b>	
<b>Profesor/a</b>	<b>Iago Castro Buerger</b>
<b>Centro</b>	<b>IES SAVATERRA</b>
<b>Curso y Grupo</b>	<b>4º ESO B</b>
<b>Área</b>	<b>Titoría</b>
<b>Unidad Didáctica</b>	<b>-</b>
<b>Para:</b>	He llevado a cabo la siguiente actividad:
<b>Reflexionar sobre os problemas de convivencia e académicos do grupo</b>	<b>Cales son as dificultades que tedes coma grupo? Solucións</b>
<b>He utilizado la siguiente estructura:</b>	<b>Folio xiratorio /1-2-4</b>
<b>Descripción de la estructura aplicada:</b>	
<p>Nunha sesión de titoría, xa cos equipos previamente establecidos, combinamos dúas estruturas para detectarmos problemas ou dificultades dentro do propio grupo, tanto de comportamento e convivencia como de orde académica. Para isto lanzamos a pregunta ao gran grupo (No que vai de curso, cales son as dificultades que máis che preocupan?) que por equipos, seguindo a estrutura do folio xiratorio, foron respostando ata cubriren tres quendas.</p> <p>A seguir, co obxectivo de atoparmos solucións ás dificultades verbalizadas, demos paso á seguinte estrutura, sen o saber o propio alumnado. Individualmente escribiron “unha posible solución” á difiultade que máis lle preocupaba, para logo combinalo nunha senteza coa parella do equipo e logo formar o solucionario final de todo o equipo, seguindo os pasos clásicos da estrutura.</p>	
<b>Valoración de la estructura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dudas...):</b>	
<p>En primeiro lugar debo dicir que foi unha das sesións de titoría máis proveitosas e aproveitables do curso. O feito de se estableceren en equipos xera axiña outra predisposición entre o alumnado. Supoño que intimamente todos están a pensar “que vou/imos ter que facer”?, e esa expectativa é positiva.</p> <p>Ademais, ao se trataren aspectos de convivencia que abranguen ao colectivo, produce unha reflexión e uns resultados máis aproximados á realidade ao traballalos en equipo, pois non se ten a sensación do individuo que ataca/traizo a grupo por enfrontar un problema que para outros non o é.</p> <p>En canto ás estruturas, hei de dicir que a única dificultade atopeina no FOLIO XIRATORIO, nalgún equipo que foi incapaz de cubrir as tres quendas requeridas argumentando que non existían dificultades ou que xa as dixera unha compañeira. De se tratar un aspecto curricular había de buscar a maneira de seguir a estirar o novelo, mais neste caso non demos feito.</p> <p>Por outra banda, o 1-2-4 conseguiu formar todo un tratado de comportamento académico que oxalá levemos á práctica.</p> <p>O alumnado foi quen de definir o problema e poñerlle solucións, negro sobre branco, nesta sesión. Ademais, penso humildemente que serviu para cohesionar o grupo e tamén, iso espero, para superar algunhas das dificultades referidas.</p>	